

PROCESO DE SELECCIÓN DE CANDIDATURAS DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO ECOBAS PARA A SOLICITUDE DE CONTRATOS “JUAN DE LA CIERVA 2023”

ECOBAS abre o proceso de recepción de manifestacións de interese por parte de persoal investigador posdoutoral que queira optar a incorporarse á través dos contratos Juan de la Cierva 2023 do Programa Estatal para Desenvolver, Atraer e Reter Talento do [Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023](#), Ministerio de Ciencia e Innovación, con publicación en Decembro 2023.

As persoas seleccionadas por ECOBAS a través deste proceso serán convidadas a presentar unha candidatura ao programa de contratos Juan de la Cierva. Para tal fin, é condición imprescindible que a persoa proposta como titora do plan de traballo sexa membro adscrito de ECOBAS.

Os detalles desta convocatoria, incluíndo os de elixibilidade, atópanse en <https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/ayudas-contratos-juan-cierva-2023>

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

- Aquelas persoas interesadas en formar parte deste proceso de selección deberán:
 - Achegar un Currículo Vítæ cunha extensión máxima de 4 páxinas.
 - Presentar un plan de traballo que cumpra os requirimentos da convocatoria
 - Achegar a conformidade por parte da persoa titora proposta
- O prazo para presentar as manifestacións de interese estará aberto dende o día de publicación desta chamada ata o día 10 de xaneiro de 2023 ás 23.00h a través de correo electrónico a direccion.cientifica@ecobas.gal

SELECCIÓN

A comisión de selección deste proceso está composta por:

- Presidenta: María Loureiro García (Catedrática de Universidade e Directora Científica de ECOBAS)
- Secretaria: Emma María Iglesias Vázquez (Catedrática de Universidade e Secretaria Científica de ECOBAS)
- Vogais: Xavier Labandeira Villot (Catedrático de Universidade e Director de ECOBAS)

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee, recaendo noutro/a investigador/a membro da mesma entidade.

As candidaturas recibidas serán valoradas e ranqueadas polo **Comité de Dirección** do Centro, en base aos seguintes criterios:

- o formación e publicacións científicas (ata un máximo de 50 puntos)
- o encaixe do proxecto científico coa axenda científica de ECOBAS (ata un máximo de 30 puntos)
- o outros méritos relacionados coa convocatoria (internacionalización: estadías, congresos, participación en proxectos, e outros méritos relacionados) (ata un máximo de 20 puntos).

As convocatorias que obteñan a mellor valoración serán avaladas polo centro Interuniversitario ECOBAS á convocatoria Juan de la Cierva 2023.